

# Bases

**Participantes.** Poden participar alumnos de Infantil, Primaria e ESO que cursen estudos en Galicia.

**Modalidades.** Os traballos deberán ser tarxetas de Nadal orixinais e inéditas en **tamaño DIN-A4** sen plegar. O soporte será cartolina ou cartón pluma. A técnica será libre.

**Presentación.** Na parte traseira da obra figurarán os datos persoais do autor (nome, idade, enderezo, teléfono particular, curso e centro onde estuda) e –para acreditar a súa condición académica– virá selado polo centro. Os traballos enviaranse a: PREMIOS VOZESNAVOZ. La Voz de la Verdad. Rúa Bispo Aguirre, 17 - 27002 LUGO. Tamén se poden entregar persoalmente ou por medio do centro.

**Prazo.** O prazo de presentación remata o 25 de decembro de 2019.

**Xurado.** Estará constituído por profesores das diferentes etapas académicas e de distintos centros de ensino e por profesionais do sector gráfico e darase a coñecer con anticipación á emisión do fallo.

**Premios.** O xurado concederá os seguintes premios:

- *Educación Infantil.* Dous lotes de libros.
- *Educación Primaria.* Do primeiro ao terceiro curso, un cheque-agasallo intercambiable por libros ou material escolar de 70 € e outro de 50 €. Do cuarto ao sexto curso un cheque-agasallo intercambiable por libros ou material escolar de 80 € e outro de 60 €.
- *Educación Secundaria Obligatoria.* Un cheque-agasallo intercambiable por libros ou material escolar de 90 € e outro de 70 €.
- *Premio especial.* Establécese tamén un premio á orixinalidade (incompatible cos premios anteriores) consistente nun cheque-agasallo de 90 € intercambiable por libros ou material escolar.

Os premios poderán ser declarados desertos.

**Fallo.** Farase público nos medios de comunicación e no establecemento e comunicarse aos colexios dos participantes.

**Final.** Os premios serán entregados nun acto celebrado en La Voz de la Verdad o mércores día 22 de xaneiro de 2020 ás 19:30 horas. As obras presentadas quedarán en propiedade da entidade organizadora.

De conformidade co Decreto Xeral da CEE de 22-05-2018, informamos de que os datos que se nos faciliten co gallo da participación neste concurso pasarán a formar parte dun fichero propiedade de La Voz de la Verdad-Diocese de Lugo e serán empregados para a xestión do presente concurso. Asimesmo informámolo de que pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en Rúa Bispo Aguirre 17, Apdo. 10 - 27080 Lugo.



# XI Concurso de Tarjetas de Nadal

*La Voz de la Verdad*

